

# MISA CON NENOS

## 19 de febreiro 2017

### ORDINARIO 7º-A

**Mateu 5, 38-48: "Amade os vosos inimigos".**

**Mensaxe: Ama e perdoa a TODOS. INCLUSO ao que che fai dano.**



## 1. ACOLLIDA

Amigos e amigas:

Xesús quere que o amor sexa o distintivo dos cristiáns. Somos fillos de Deus e queremos parecernos a el amando os irmáns. Neste 7º domingo do tempo ordinario, Xesús pídenos que vivamos a nosa vocación de amar a todos, tamén aos que nos caen mal e de rezar ata polos que nos perseguen. (*Colocar un cartel coa frase "Orade polos que vos perseguen"*).

**SAÚDO:** No nome do Pai... **O Señor Xesús que amou a todos, incluso aos que o crucificaban, sexa convosco...**

## 2. PERDÓN

*Pedimos o perdón de Deus e o amor necesario para reconciliarnos cos irmáns.*

- *Ti disnos, Pai, que sexamos santos coma ti es santo, coma ti es bo. Señor, ten piedade ...*

- *Ti disnos, Pai, que non gardemos rancor nin odiásemos de corazón os nosos irmáns. Cristo, ten piedade ...*

- *Ti disnos, Pai, que amemos os nosos inimigos e preguemos polos que nos aborrecen. Señor, ten piedade ...*

## 3. PALABRA DE DEUS

Todos estamos chamados á santidad. A santidad reflíctea a vida. As lecturas, que imos escoitar, trázannos con exemplos claros e prácticos como quere Deus que traballemos a santidad. Para Xesús, ademais, hai unha razón fundamental: somos fillos de Deus, e Deus é bo. Que coma el a todos regalemos amor, perdón, aínda que nos fagan dano. Paulo lémbra-nos que Deus habita no noso corazón del só pode saír amor, perdón.

## 4. PETICIÓNS

*Oremos, irmáns e pidamos ao Pai un corazón grande para amar a todos os seres humanos sen discriminación. Dicimos todos: - **FAINOS BOS, COMO O ES TI.***

- **QUE PERDOEMOS, SEÑOR, COMA TI.**

- 1.- Para que a Igrexa teña un corazón grande como é o corazón de Xesús. Oremos.
- 2.- Para que a paz e a reconciliación reinen nas familias e entre os veciños. Oremos.
- 3.- Para que o Espírito ilumine as nosas comunidades para que testemuñen a bondade de Deus que non se cansa de querer a bos e malos, amigos e inimigos. Oremos.
- 4.- Para que todos nós sexamos artesáns da paz, superando sempre os rancores, os desquites as vinganzas. Oremos.
- 5.- Para que miremos a todos non como amigos ou inimigos senón como fillos de Deus e irmáns nosos. Oremos.

*Axúdanos a ser, Señor, activos e cariñosos, verdadeiros e compasivos, audaces e pacíficos para seguir recreando o teu reino de xustiza e misericordia. Por XNS.*

## 5. OFRENDAS

- **CARTOLINA:** Con esta cartolina impresa dos grandes conflitos que existen no mundo, queremos ofrecer ao Señor o noso desexo de traballar pola unión e a paz de todos os pobos.

- **UN CORAZÓN COA FRASE** "Hoxe + que onte e - que mañá" (para cada neno): Con este corazón queremos simbolizar a bondade eterna e permanente de Deus que ama a bos e malos. E tamén o noso compromiso de querer hoxe a todos máis que onte e menos que mañá.

- **PAN E VIÑO:** Co pan e co viño, traemos ata o altar os nosos esforzos e os nosos traballos por buscar sempre máis o que nos une que o que nos separa. E recordamos que na eucaristía o Espírito nos enche de forza para esquecer, superar os rancores e perdoar.

## 6. VÍDEOS OU PPW PARA ESTE DOMINGO: Ord-7ªA

- Mt. 5, 38-48, película: <https://www.youtube.com/watch?v=1T-JAkiREy8&feature=autoshare>
- Amen os seus inimigos, película: [https://www.youtube.com/watch?v=Od2w\\_IQUmm4&list=PLD0D1381BEAF3866F&index=32](https://www.youtube.com/watch?v=Od2w_IQUmm4&list=PLD0D1381BEAF3866F&index=32)
- Amade os vosos inimigos, negro o branco, reflexión: <https://www.youtube.com/watch?v=0vA6M9zp2JU>
- Amar ou non amar, reflexión: <https://www.youtube.com/watch?v=YEYxZYW4haw>
- Amade os vosos inimigos, reflexión: <https://www.youtube.com/watch?v=UftLV3oYwYk&t=5s>

### COMA TI, PAI!

Sobre bos e malos, Pai,  
fas saír o sol e mandas a choiva.  
A todos sostés, a todos ofreces o teu colo  
e rumoreas palabras de vida e tenrura,  
independentemente dos seus méritos,  
da súa dignidade, da súa bondade ou malicia,  
do seu credo, da súa autoestima.  
Grava en nós as claves do teu corazón,  
e dá ás nosas entrañas os ritmos do teu querer  
para respectar os que son diferentes,  
ser tolerantes cos que non coinciden,  
prestar sen esperar recompensa.  
defender o débil e amar a todos  
por encima dos nosos gustos e preferencias.  
Roga por nós para que aprendamos  
a difícil arte de perdoar, esquecendo as ofensas,  
ofrecendo a flor da compaixón  
tralos muros do rancor e da incomprensión.  
Ensínanos, Pai, a ser coma Ti,  
que todos poidan dicir:  
son fillos dignos de tal Pai.

### Ao final todo se reduce a unha decisión:

- alimentar u odio ... ou o entendemento.
  - crear ao inimigo... ou ao amigo.
  - construír barreiras... ou pontes.
  - contribuír ao amor... ou á dor.
- tender a man sempre aínda que ...
  - a pesar de ...
  - incluso cando ...
  - incluso a quen ... ou non amar.